

Resolución de aprobación da lista definitiva de persoas adxudicatarias e reservas para as 20 vivendas de promoción pública no concello de Mos (expediente PO2023010)

VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA: 20	EXPEDIENTE: PO2023/010	
LOCALIZACIÓN: San Eleuterio de Tameiga	CONCELLO: Mos	PROVINCIA: Pontevedra

Ao abeiro da resolución de inicio do procedemento de data 21.11.2025, con data 09.01.2026 levouse a cabo o sorteo da lista provisional de persoas adxudicatarias e reservas para o procedemento de referencia.

De conformidade co disposto no artigo 25 (verificación de requisitos) do Decreto 1/2010 do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, procedeuse a examinar os expedientes de todas as persoas adxudicatarias provisionais.

Efectuáronse requirimentos de documentación en todos aqueles casos nos que coa documentación que figura nos expedientes e, unha vez efectuadas as correspondentes consultas telemáticas, non se puido comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria, advertíndolles ás persoas interesadas que no caso de non achegar o solicitado entenderíase que desistían do procedemento e, na súa consecuencia, excluíríaselles das listas provisionais.

Aquelas persoas que achegaron a documentación solicitada e cumprían cos requisitos esixidos mantivéronse nas listas provisionais.

Déuselle trámite de audiencia a todas as persoas que non cumprían os requisitos esixidos na convocatoria.

Tivéronse en conta aquelas alegacións que acreditaron e produciron variacións no expediente de conformidade coa normativa vixente e desestimáronse aquelas que



non desvirtuaban o comunicado no trámite de audiencia ou non producían efectos que variaran o seu expediente.

Por outra parte, como consecuencia do elevado número de demandantes excluídos dos cupos de adxudicatarios e reservas por non reuniren os requisitos establecidos pola normativa vixente para o acceso a unha vivenda de promoción pública, circunstancia que motivou que quedase vacante unha vivenda de dous dormitorios da quenda xeral, unido ao reducido número de demandantes con unidades familiares ou convivenciais de máis de tres membros inscritos para as vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro no concello de Mos, resulta necesario garantir a existencia dun número suficiente de persoas demandantes que permita a adxudicación da totalidade das vivendas que, polas razóns indicadas ou por outras circunstancias incidentais, non poidan ser adxudicadas inicialmente.

En consecuencia, unha vez rematado o trámite de revisión da lista provisional de persoas adxudicatarias e reservas e, de conformidade co establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda, en sesión celebrada con data 02.07.2026,

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a lista definitiva de persoas adxudicatarias e de espera ao abeiro do establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro.

SEGUNDO: Acordar a celebración dun novo sorteo, ao abeiro do disposto no artigo 27.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, no que participarán todas aquelas persoas que, tendo participado no sorteo celebrado o 09.01.2026, non obtiveron a condición de adxudicatarias ou reservas no dito sorteo.

Neste novo sorteo estableceranse dúas quendas de reserva en función da composición da unidade familiar ou convivencial: un primeiro cupo integrado por unidades familiares ou convivenciais de tres membros e un segundo cupo para unidades familiares ou convivenciais de un e dous membros. Cada un destes cupos estará formado por un total de quince demandantes.



Para tal efecto, as persoas demandantes resultantes deste novo sorteo integraranse en dúas listas de reserva que permitan garantir a adxudicación de todas as vivendas dos diferentes cupos desta promoción, con independencia do número de membros da unidade familiar para a que inicialmente foron concibidas. Non obstante, na asignación das vivendas de tres e catro dormitorios gozarán de preferencia as unidades familiares ou de convivencia integradas por tres membros, mentres que as unidades de un e dous membros terán preferencia para as vivendas de dous dormitorios.

No caso de que as vivendas vacantes pertencen ao cupo de reserva do 50 % destinado a persoas menores de 36 anos, previsto no apartado terceiro do punto sétimo da Resolución do 21 de novembro de 2025 da Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, seguindo o criterio de cupos establecido no parágrafo anterior, a vivenda adxudicaráselle á primeira persoa da lista de reserva que sexa menor de 36 anos, se a houbese, e que cumpra os requisitos establecidos no artigo 25 do Decreto 1/2010.

A celebración deste novo sorteo terá lugar o día 29 de xullo de 2026, ás 10.00 horas, na Notaría de D. Pablo Rueda Rodríguez-Vila, por ter sido o notario designado neste procedemento pola Delegación do Colexio Notarial de Galicia en Vigo.

Logo da celebración do sorteo, farase a comprobación de cumprimento dos requisitos para aqueles demandantes que pasen a ter a consideración de adxudicatarios, ben pola existencia de vivendas vacantes ou por decaemento dalgún dos adxudicatarios definitivos.

No caso de non cumprirse algún dos requisitos exixidos para os adxudicatarios de vivendas de promoción pública e, logo do preceptivo trámite de audiencia, se procedería a ditar resolución de exclusión do adxudicatario, efectuándose a adxudicación a prol do seguinte integrante da lista de reserva.

TERCEIRO: Publicar a presente resolución xunto coa lista definitiva na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo e nos taboleiros de anuncios do Concello de Mos e da Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de Pontevedra e Vigo.



Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, poderá presentar un recurso potestativo de reposición ante a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, de conformidade co previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben poderá ser recorrida directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, consonte co establecido no artigo 46 de Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda
José Manuel González González
(Documento con sinatura electrónica)

ANEXO LISTAS DEFINITIVAS

Cupo: Quenda 2 dormitorios - Menores de 36 anos

Membros U.F.: 1 – 3 membros da unidade familiar

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 2

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	109100	CARLOS DAVID RODRIGUEZ BARROS
2	106815	SHEILA BAO SOUSA

Persoas excluídas:

DNI	Causas
39465958M	5
35581426N	9
77010884F	5
34879532D	5





39491331D	9
-----------	---

Cupo: Quenda 2 dormitorios – Xeral

Membros U.F.: 1 – 3 membros da unidade familiar

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 2

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	104566	JOSE ANGEL PIÑON POUSADA
2	105124	Yael BARCALA BARROS

Persoas excluídas:

DNI	Causas
77014873V	9
77007838C	1
76899233K	5
77006275K	5
76997362D	9
34879532D	5
39490704A	9

Cupo: Quenda 3 dormitorios - Menores de 36 anos

Membros U.F.: 4 membros da unidade familiar

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 7

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	105128	YUSLENY MAYERLING SILVA GUTIERREZ
2	203307	MOHAMED MOUKALISSI EL ADI
3	110592	ANDREA RODRIGUEZ MIGUEZ
4	203367	MADELYN GARCIA BELTRE
5	203435	JESSICA MARIA FERNANDEZ RODRIGUEZ
6	105516	FRANCIELI DE JESUS MELNIK DE SOUZA
7		*****VACANTE*****





Persoas excluídas:

DNI	Causas
35666268F	6
35578443L	9
77410604X	1

Cupo: Quenda 3 dormitorios – Xeral

Membros U.F.: 4 membros da unidade familiar

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 6

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	100634	GUSTAVO NOVO LORENZO
2	107986	NOEMI LEMOS VAZQUEZ
3	203351	ROSA MARIA GONZALEZ CARRERA
4	106566	MARIA LORENA VAZQUEZ RODRIGUEZ
5	108537	LETICIA PEREZ PEREZ
6	104469	ALFONSO GOMEZ RODRIGUEZ

Persoas excluídas:

DNI	Causas
35578443L	9
34878706B	10
01851610H	7
36137727N	9
39514692W	7
76990047P	2, 4
53817171T	6
77410604X	1
36053972T	5
76999381G	5
77014196F	7
76997583T	5
60988075X	6
35666268F	6
35636666Y	5





33342590L	9
35666022Z	7

Cupo: Quenda 4 dormitorios - Menores de 36 anos

Membros U.F.: 5 ou máis membros da unidade familiar

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 1

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	90302	TAMARA MONTES FERREIA

Cupo: Quenda 4 dormitorios - Xeral

Membros U.F.: 5 ou máis membros da unidade familiar

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 1

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	104732	IRIA ALVAREZ LAGO

LISTA DE RESERVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	203288	VERONICA PEREIRO DIAZ
2	203441	FREDY GUILLERMO LOPEZ NARGE

Persoas excluídas:

DNI	Causas
54468167G	2
35678942P	5
53820637Q	7
35639102G	1
44464392X	2
36123755R	9

Cupo: Mobilidade reducida

Nº vivendas sorteadas neste cupo : 1

LISTA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DEFINITIVA		
Número	Credencial	Nome do Solicitante





1	203108	KATIA ALVES DE SOUSA
---	--------	----------------------

LISTA DE RESERVAS		
Número	Credencial	Nome do Solicitante
1	103619	MARIA JOSE MARTINEZ ALVAREZ
2	203299	JOSE LUIS NEIRA CALDELAS

Persoas excluídas:

DNI	Causas
76995403M	8
77001006L	7

Causas de exclusión:

1 – Non acreditar residencia ou contrato de traballo na localidade onde radican as vivendas ou acreditarlo con efectos posteriores á data de resolución de inicio do procedemento.

2 – Non acreditar ingresos entre o 0,7 e 3 veces o IPREM

3 – Non acreditar (o solicitante ou algún membro da unidade familiar) atoparse ao corrente das obrigas coa Xunta de Galicia, Seguridade Social ou Axencia Estatal tributaria.

4 - Dispoñer de vivenda en propiedade ou dispoñer doutros bens inmobles con valor superior a 30.000€.

5 – Non renovar a credencial/figurar de baixa no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia

6 – Non ter comunicado ao Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia a modificación da composición da unidade familiar, participando no sorteo nunha quenda distinta á que lle correspondía.

7 – O demandante resultou adxudicatario dunha vivenda de promoción pública noutro procedemento.

8 – Non acreditar a necesidade de vivenda de mobilidade reducida segundo o disposto no criterio sétimo da resolución de inicio do procedemento.

9 – Desistencia por non atender o requirimento

10 – Incumprimento do criterio 3º da resolución de inicio

